

SIMPOSIO ILG 2025
A INTELIXENCIA ARTIFICIAL E A LINGUA GALEGA: OPORTUNIDADES E RISCOS
18-20 de novembro de 2025
Facultade de Filoloxía da Universidade de Santiago de Compostela

A INTELIXENCIA ARTIFICIAL TOMOU A PALABRA

SENÉN BARRO AMENEIRO

Centro Singular de Investigación en Tecnoloxías Intelixentes
Universidade de Santiago de Compostela

Esta palestra explora como chegamos ao punto no que a intelixencia artificial (IA) permite manexar a linguaxe natural cunha enorme calidade, fluidez, coherencia e con certas doses de creatividade.

Exporanse algúns dos feitos máis relevantes do procesamento da linguaxe natural ao longo da historia da IA e, sobre todo, algúns avances recentes en modelos de linguaxe, reflexionando tamén sobre as súas implicacións culturais, sociais ou económicas. En ocasións no seu soporte orixinal, pero tan perdurables no seu contido.